

CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES/AS - PLAN CONCELLOS 2019 **PROCESO SELECTIVO: TÉCNICO/A COMERCIO**

VERSIÓN EN GALEGO

1.- Escriba o esquema de propostas de actuación recollido no Plan de Acción para o Comercio e a Hostalería da Vila de Lalín.

Páxina 46 do Plan de Acción para o Comercio e a Hostalería da Vila de Lalín

1. Delimitación do CCA:

- 1.1. Delimitación física.
- 1.2. Novas zonas peonís.
- 1.3. Xestión profesionalizada.
- 1.4. Praza de Abastos como locomotora.

2. Fortalecemento da imaxe comercial de Lalín:

- 2.1. Análise da imaxe de marca comercial do CCA de Lalín.
- 2.2. Publicidade da marca.
- 2.3. “Slow Shopping” como modelo de consumo.

3. Actividades de promoción do comercio local:

- 3.1. Sinalización das zonas comerciais.
- 3.1. Animación comercial.
- 3.3. Promoción comercial entre os consumidores da comarca.
- 3.4. Promocións comerciais.
- 3.5. Promocións comerciais na rede.
- 3.6. Uso de locais sen actividade.

4. Profesionalización e competitividade do comercio de Lalín:

- 4.1. Plan de formación para a hostalería e o comercio.
- 4.2. Implantación sistemas de seguimento sobre a calidade e a imaxe con Diagnósticos do Punto de Venda.
- 4.3. Recoñecemento profesional do comerciante e do hostaleiro.
- 4.4. Concienciación sobre o medio Ambiente e sustentabilidade.

5. Melloras da contorna:

5.5. Accesibilidade ao tecido comercial.

5.2. Accesibilidade desde a comarca.

6. Actividades dos organismos comerciais:

6.1. Fomento do emprendemento no comercio e a hostalería.

6.2. Xornadas e talleres sobre o asociacionismo comercial.

6.3. Outros tipos de asociacionismo.

6.4. Dinamización da mesa do comercio.

2.- Natureza e obxectivos das mesas locais do comercio, conforme ao disposto no Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan tales órganos.

Artigo 2 do Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais do comercio.

Artigo 2. Natureza e obxectivos.

1. As mesas locais do comercio constitúense como órganos colexiados de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a Administración local e os axentes representativos do sector comercial.

2. Os obxectivos das mesas locais do comercio son os seguintes:

a) Lograr un maior dinamismo e modernización do comercio.

b) Erixirse en foro de debate plural e eficaz.

c) Actuar como órgano consultivo e de coordinación local co obxectivo de consensuar as políticas municipais para a promoción da actividade comercial do municipio.